

INTERVENCIÓN DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

Malpica de Bergantiños (A Coruña), 17 de maio de 2025

- Alcalde e Corporación Municipal de Malpica de Bergantiños,
- Presidente e académicos da Real Academia Galega,
- Presidente do Parlamento de Galicia,
- Conselleiros,
- Delegado do Goberno,
- Familiares e amigos das Cantareiras, homenaxeados neste Día das Letras Galegas,
- Señores e señores:

Moi bo día e moitas grazas a todos os presentes por acompañarnos nesta **celebración institucional do Día das Letras Galegas** e saúdo afectuoso, tamén, para cantos nos seguen a través das distintas canles que ofrecen cobertura desta actividade.

Mención especial, de agarimo e recoñecemento, para os familiares, veciñanza e amizades de **Manuela Lema, Teresa García Prieto, e de Prudencia e Asunción Garrido Ameixenda, Pandeireteiras de Mens, homenaxeadas no Día das Letras Galegas** deste ano por decisión da Real Academia Galega.

Elas, canda **Eva Castiñeira Santos (de Agranzón, Muxía); e Adolfinia e Rosa Casás Rama (da Vila da Igrexa, Cerceda)** conforman o **grupo de cantareiras sobre as que pivota este Día das Letras Galegas**.

Un día no que lles rendemos merecido tributo como fieis expoñentes da **cultura popular** moitas veces esquecida, sempre inxustamente.

Sinceros parabéns, polo tanto, aos impulsores desta candidatura e ao conxunto da Real Academia Galega por apoiar esta proposta.

Proposta necesaria e merecida, polo que as **cantareiras representan e representaron para a transmisión da poesía popular oral e da nosa cultura popular**, pero tamén polo exemplo e os **valores** que proxectan cara o futuro.

Outrora, cando a cultura popular, mesmo falar galego, non sempre gozaba do respaldo necesario, **elas, coma tantos outros galegos de ben, nunca agocharon as súas raíces nin a súa cultura.**

Ao contrario, **defenderon e sentíronse orgullosas dos sinais de identidade que nos diferencian e enriquecen como pobo.**

Recoñecemento indirecto, o de hoxe e o deste ano, tamén, por tanto, para o noso mundo rural tradicional, para a **xente das nosas aldeas que, nos séculos do silencio, conservou a nosa lingua, as tradicións, os costumes e coñecementos consuetudinarios ao xeito dun gran repositorio de cultura popular.**

Boa parte desa tradición transmitida oralmente durante séculos foi felizmente salvada, en parte, grazas o **traballo de recollida efectuado ao longo e ancho do noso territorio**, por expertos e por moitas outras persoas, incluída a **rapazada de escolas e institutos animada por docentes comprometidos.**

As sociedades, como as culturas, son dinámicas, non estáticas, e menos neste tempo de mudanzas aceleradas que nos toca vivir.

Quero dicir con isto que a transmisión da cultura, en xeral, e a perpetuación e expansión das linguas, en particular, precisan de **novos vectores que as alimenten e impulsen.**

As cantareiras tradicionais foron e son fonte de inspiración para as novas formas de expresión artística.

Refírome:

- ás **cantadoras e cantadores,**
- **tocadoras e tocadores**
- ou **bailadoras e bailadores,**
- mesmo **campaneiros e campaneiras,**
- sempre **dispostos a avivar as nosas tradicións.**

Derrochan **talento e compromiso cos nosos valores** -singularmente a cultura e a lingua- na Galicia territorial e na Galicia universal.

As Cantareiras de Malpica que acabamos de escoitar son o **vivo exemplo do talento recuperado** que latexa en cada recuncho da nosa terra, dignas herdeiras das artistas populares ás que este ano redemos tributo.

Trátase dunha realidade fecunda que cómpre **alentar desde a familia, a escola e as institucións; nos espazos de traballo e no tempo de ocio.** Porque **a pervivencia da nosa lingua compete a todas e a todos.**

Os novos formatos e a mudanza no patrón de consumo audiovisual que migra cara o mundo dixital obriga a **poñer foco sobre todos os espazos, coa promoción e defensa da lingua galega como obxectivo prioritario. Irrenunciable.**

Medidas coñecidas, nuns casos; e medidas novidosas, noutros, como **o xa anunciado selo que recoñecerá ás empresas comprometidas co uso do galego,** sen imposicións, pero coa man tendida. Sempre.

Falaba do exemplo das cantareiras como inspiradoras de novas formas de expresión artística que xorden do interese e o compromiso persoal.

Novas formas que, quizais, habería que **explorar no sistema educativo, un novo enfoque didáctico**, sempre amigable e sempre en positivo.

Un enfoque que **anime aos máis novos a utilizar a nosa lingua en todos os contextos**, de maneira que falar e ler en galego xurda de forma espontánea e se manteña e multiplique co paso do tempo.

A pervivencia e a promoción do idioma galego lingua -insisto en subliñalo- virá da man do alento e do reforzo en positivo, xamais da imposición nin da obrigatoriedade. Chegará pola vía do **acordo**, nunca pola da exclusión.

Acordo, consenso, negociación, concordia, ... Palabras fermosas que poden e deben acadar toda a súa dimensión nunha democracia plena e unha autonomía modélica como as que nos acubillan desde hai máis de catro décadas.

Constitución e Estatuto que amparan o **bilingüismo cordial** que as galegas e galegos practicamos e que deron cobertura ao **rexurdimento -si, rexurdimento- que a lingua e a cultura galegas protagonizaron nestas últimas décadas**.

Pero nada máis lonxe da miña intención que caer no conformismo.

Superado o primeiro cuarto do século XXI, a **lingua galega precisa de novas estratexias**, se cadra como as apuntadas, ou se cadra diferentes. Xa o dirá o grupo de expertos que traballa neste eido.

Pero o que si precisamos -e nisto non albergo ningunha dúbida- é un **pacto pola lingua**; un acordo global, integrador, coa maior base social e política posible para afastar o idioma galego do debate político, evitando usalo na confrontación diaria.

Por iso, nun día como o de hoxe, **convido solemnemente a todo o arco parlamentario a desprenderse de apriorismos e participar na negociación en curso**, sen vetos nin liñas vermellas.

Coa participación de todos, tamén das restantes institucións, de maneira especial á **Real Academia Galega e o seu recentemente elixido novo presidente, Henrique Monteagudo**, ao que aproveito para desexar unha singradura venturosa. Os seus éxitos, serán os de Galicia enteira.

Con boa vontade, o pacto é posible, un pacto que Galicia quere e necesita. Porque a xente reclama e precisa acordos, sempre.

A lingua galega foi, é e será o noso principal sinal de identidade. Pero, ademais, é unha lingua útil, dentro e fóra da Galicia territorial.

O pai do galeguismo, **Castelao -falecido hai xa 75 anos-** recordábanos que “o pobo galego fala un idioma de seu, fillo do latín, irmán do castelán e pai do portugués.

Idioma apto e axeitado para ser vehículo dunha cultura moderna e co que aínda podemos comunicarnos con máis de sesenta millóns de almas”.

Referíase Castelao, obviamente, á **mutua comprensión entre galego e portugués**, unha feliz realidade que hoxe, case 90 anos despois de se escribiren aquelas letras, nos abre as portas á unha **comunidade de máis de 200 millóns de persoas**, as que integran o universo da lusofonía en Europa, América, África e Asia.

As galegas e galegos temos por tanto, un tesouro: a nosa lingua; unha das esencias da **Galicia Calidade** que cultivamos cada día. Preservar e potenciar o galego a todas e todos incumbe.

Facémolo decote e reafirmámolo hoxe, aínda con máis forza, no noso día, o días das nosas letras.

Honra e gloria para as nosas cantareiras.

Moitas grazas!.